

# A praia da Ermida: un enclave natural de alto valor ecolóxico

## La playa de A Ermida: un enclave natural de alto valor ecológico

A **praia da Ermida** é un enclave natural no que perviven destacables valores naturais, polo que forma parte do espazo natural protexido da Rede Natura 2000 Lugar de Importancia Comunitaria “Costa da Morte”.

Destaca no extremo sudoeste da praia a **Illa da Estrela**, lugar que foi usado como cemiterio xa no medievo e onde se enterraban as vítimas descoñecidas que botaba o mar. Tamén conserva os restos dun castro e dunha capela dedicada á Virxe da Estrela, de aí o seu nome. Aínda hoxe en día, o luns de Pascua, celébrase a romaría da Estrela, coincidindo coas mareas vivas que permiten pasar a pé ata a illa.

La **playa de A Ermida** es un enclave natural en el que perviven destacables valores naturales, por lo que me la forma parte del espacio natural protegido de la Red Natura 2000 Lugar de Importancia Comunitaria “**Costa da Morte**”.

Destaca en el extremo sudoeste de la playa a **Illa da Estrela**, lugar que fue usado como cementerio ya en el medievo y donde se enterraban las víctimas desconocidas que devolvía el mar. También conserva los restos de un castro y de una capilla dedicada a la Virgen de la Estrella, de ahí su nombre. Aún hoy en día, los lunes de Pascua, se celebra la romería de la Estrella, coincidiendo con las mareas vivas que permiten pasar a pie hasta la isla.



### As dunas: un pequeno deserto cheo de vida

Os sistemas dunares son hábitats prioritarios para a súa conservación xa que acollen unha elevada biodiversidade e un bo número de especies que só están adaptadas á vida na duna e non se poden atopar noutros hábitats. Nas dunas da Ermida habitan especies como os **paxariños amarelos**, que só viven na provincia da Coruña e que están en perigo de extinción, ou a **cebola das gaivotas**, coas súas grandes flores brancas, ou o **cardo de ribeira**, coas súas follas espiñentas, mentres as dunas están tapizadas polo **feo de praia**, que se encarga de axudar a fixalas. Entre esta vexetación aniñan algunhas aves e pódese ver rebulindo por elas á **pillara das dunas**, a **laverca** ou a **lavandeira verdeal**.

### Las dunas: un pequeño desierto lleno de vida

Los sistemas dunares son hábitats prioritarios para su conservación ya que acogen una elevada biodiversidad y un buen número de especies que sólo están adaptadas a la vida en la duna y no se pueden encontrar en otros hábitats. En el cordón dunar de A Ermida habitan especies como los **“paxariños amarelos”**, que sólo viven en la provincia de A Coruña y que están en peligro de extinción, o la **azucena de mar**, con sus grandes flores blancas, o el **cardo de ribera**, con sus hojas espinosas, mientras las dunas están tapizadas por el **barrón**, que se encarga de ayudar a fijarlas. Entre esta vegetación anidan algunas aves y se puede ver rebullendo por ellas al **chorlitejo patinegro**, la **alondra común** o la **lavandera boyera**.

A conservación deste espazo depende de todos nós, do respecto polo contorno. Lembrar non camiñar sobres as dunas, molestar á fauna nin pisar ou arrancar plantas. Depositar o lixo xerado nos lugares axeitados, así todos poderemos gozar deste fermoso espazo.

La conservación de este espacio depende de todos nosotros, del respeto por el entorno. Recordar no caminar sobres las dunas, molestar a la fauna ni pisar o arrancar plantas. Depositar la basura generada en los lugares idóneos, así todos podremos disfrutar de este hermoso espacio.

**Cebola das gaivotas**  
Azucena de mar



**Cardo de ribeira**  
Cardo de ribera



**Feo de praia**  
Barrón



**Laverca**  
Alondra común